

PÍRAMO E TISBE.

Píramo e Tisbe, moi bo mozo el, ela a rapaza máis fermosa de todas as de Oriente, vivían en casas veciñas onde contan que Semíramis cinguiu con muros de adobe a prominente cidade. A veciñanza fixo que se coñecesen e se achegasen entre eles, o amor creceu co tempo. A eles gustaríalles xuntarse por lei pero prohibíronllo os país; non puideron apagar o lume que ardía por igual nos dous corazóns cativos.

Non teñen ningún confidente; falan por acenos e sinais, e canto máis se oculta máis arde o lume. Había una fenda na parede medianeira das dúas casas, que era un defecto de construción; este defecto, pese ós moitos anos, pasara desapercibido a todos, (¡que non descubre o amor!): “vístela vós primeiro, amantes, e fixéstela camiño da vosa palabra e así, cada día, cruzaban seguros os vosos cariños nun tenue murmurio”.

Moitas veces, cando, dunha e outra parte da parede, cada un deles percibira o alento dos seus labios, dicían: “Paredes envexosa ¿por que te convertes nun obstáculo para os que aman? ¿Qué che custaba permitirnos unir íntimamente os nosos corpos, ou, se iso é moito, ofrecer una abertura para os nosos beixos? Pero non son ingrato, confeso que che debo que foses camiño das miñas palabras ata os oídos tan amados”.

Despois de falar así en van, cada un desde no seu lado, xa á noitiña, desexáronse saúde e tiraron beixos que non chegaron á outra beira.

A aurora seguinte fixera esvaecer as estrelas da noite e o sol secara cos seus raios a rosada das herbas. Xuntáronse no sitio de sempre. Entón, despois de queixarse moitas veces polo baixiño, deciden enganar os gardas no silencio da noite e escapar e, xa fora da casa, deixar a cidade tamén. Para non se extraviar no seu andar pola chaira, reuníranse a carón da tumba de Nino, e agocharanse á sombra dunha árbore. Había alí unha árbore cargada de froitos brancos como a neve (unha alta moreira), preto dun manacial de auga fresca.

Quedan de acordo, a luz do día, que lles parece que se apaga tarde, cae sobre as augas e das mesmas augas nace a noite: astuta entre as tebras sae Tisbe, despois de xirar o gonzo da porta, engana os seus e co rostro cuberto chega á tumba e senta debaixo da árbore que acordaran. O amor facíaa atrevida.

Velaí que chega para acalmar a sede na auga da fonte veciña unha leoa co fociño espumante enzoufado de sangue duns bois que viña de devorar. A babilonia Tisbe ve a leoa á luz da lúa e foxe con temeroso paso a una cova escura e, mentres foxe, perde o mantón que lle caíra dos ombreiros. Cando a feroz leoa alivou a sede con auga abundante, de voltaó bosque desgarras coas súas fauces ensanguentadas o mantón que atopara sen dona.

Píramo, que sae máis tarde, ve as pegadas seguras dunha fera sobre o camiño de terra e palidece en todo o seu rostro. Cando descobre o mantón empapado de sangue di: “una noite soa acabará con dous namorados, dos dous, ela é merecedora dunha vida máis longa; eu son o verdadeiro culpable. Eu, miña pobre, perdinte, eu que te mandei vir de noite a un lugar cheo de perigos e non me anticipei á túa chegada. Desgarrade o meu corpo e devorade as miñas vísceras con feroz mordedela cantos leóns habitades debaixo desta rocha. Pero é de cobardes optar pola morte”.

Colle do chan o mantón de Tisbe, lévao con el ata a sombra da árbore onde quedaran e, cando empapou de lágrimas e encheu de bicos a prenda que coñecía tan ben, di:”recibe tamén o sorbo do meu sangue”. E cravou no seu illar a espada que levaba no cinto, sen tardar, moribundo, arrincouna da ferida aínda quente e xaceu na terra mirando o ceo. O sangue mana con forza como cando un tubo de chumbo se fende por algún defecto e por un pequeno burato deixa escapar cun tenue asubio un chorro de auga e rompe o aire coa súa potencia. Os froitos da árbore tórnanse de cor escura pola salpicadura da ferida mortal e a raíz humedecida polo sangue tingue as amoras colgantes de cor purpúrea.

Velaí que co medo no corpo, para non faltar á palabra, volve ela da cova onde se agachara e busca cos ollos do corazón o seu amado; está impaciente por lle contar o perigo do que se librara. Así que recoñece o lugar e a moreira, a cor dos froitos énchea de incerteza, mesmo dubida. Mentres dubida, ve que un corpo late trememente no chan ensanguentado; dá un paso atrás, e co rostro máis pálido co buxo estremeceuse como o mar que xeme cando unha leve brisa roza a súa superficie.

Unha vez que recoñeceu o seu amado, maltrata con sonoros golpes os brazos que non o merecían, arrinca os seus cabelos e, abrazando o corpo de aquel a quen ama, anegou de lágrimas as feridas e mesturou o seu pranto co sangue e cravando os ollos naquel frío rostro gritou: "Píramo, ¿qué desgraza te separa de min? ¡Respóndeme, Píramo! A túa queridísima Tisbe chama por ti; escoita, mírame con eses ollos abatidos."

Ó nome de Tisbe, Píramo abre os ollos que aventaban a morte e despois de mirala volveunos pechar. Ela recoñece o mantón, ve a vaíña de marfil sen a espada e di: "A túa propia man deuche morte e tamén o teu amor, ¡que desgraza! Para isto teño eu tamén una man forte e tamén amor, este darame forza para ferirme. Irei tras túa e da túa morte dirase que fun trágica causa e compañeira; e ti, a quen só a morte podía arrincarme, ¡ah!, nin a morte poderá arrincarte de min. Unha soa cousa sen embargo vos pedimos coas palabras dos dous, infelices país meus e seus, que non miredes con malos ollos que aqueles a quen uniu o amor inquebrantable, que aqueles que uniu a hora final sexan sepultados nunha mesma tumba. E ti, árbore que coas túas ramas cobres agora o corpo dun só e non moi tardar vas cubrir os dos dous, conserva os sinais da nosa morte, memoria do sangue de dous namorados."

Falou así e, colocando a punta da espada ben debaixo do peito, deixouse caer sobre o ferro aínda tépedo do sangue do amado. As súas súplicas conmoveron os deuses, conmoveron os país: pois a cor do froito cando madura é escura e o que resta da súas piras descansa nunha única furna.